



ASISTENTES C.I.

C.I.G.

M^a Jesús Losada Rodríguez
Federico Fernández Fernández
Carlos Mollinedo Lois
Antón García Fernández
Rodrigo Alberte Pivida

CC.OO.

Victoria Alonso Crespo
Aser Fernández Rey
Manuel Velasco Graña

U.G.T.

Juan José Fernández
José Andrés Zapirain (**DS**)

DELEGAN VOTO

Carmen Serra Rodríguez
Cándido Pérez Betanzos

AUSENTES C.I.

Arturo Casar Sarasola

ASISTENTES CC.EE.

Marisa Magaz Ledo
Concepción García Lozano

***DS-** Delegado Sindical

Reunidos nos locais sindicais do Edificio Fundición o día 13 de maio de 2004, ás 10:30 horas en primeira convocatoria e ás 11:00 en segunda, coa seguinte orde do día:

1. Lectura e aprobación, se procede, da acta anterior.
2. Informe do Presidente.
3. Informe dos representantes do Comité Intercentros nas distintas Comisións.
4. Toma de decisións sobre as convocatorias pendentes de oposición.
5. Intercambio de vacacións.
6. Prazas por enriba da RPT.
7. Lista de agarda de TESX.
8. Normativa de vacacións 2004.
9. Negociación coa Xerencia.
10. Rogos e Preguntas.

A reunión é presidida por Rodrigo Alberte, vicepresidente do CI, ao estar de baixa Cándido Pérez. Antes de comezar a reunión da conta dos votos delegados que, neste caso, corresponden aos debidamente enviados por Carmen Serra que delega en Manuel Velasco e Cándido Pérez que delega en Rodrigo Alberte.

1. Nesta ocasión enviáronse con antelación a tódolos membros do CI dúas actas, a correspondente a reunión ordinaria celebrada o día 1 de abril e a que da conta da reunión extraordinaria do 14 de abril. O Pleno aproba ámbalas dúas actas por unanimidade.
2. Informe do Presidente.
 - Resolución Reitoral do 15 de abril de 2004 que autoriza a realizar traballos de distinta categoría a Benigno Gavilanes.
 - Resolución Reitoral do 11 de maio de 2004 que autoriza a realizar traballos de distinta categoría a Benigno Gavilanes.
 - Comunicación da xerencia na que se da conta da reincorporación de Magdalena Fernández ao seu posto de auxiliar administrativa.
 - Contratos de traballo asinados durante o período.
 - Instrucción de vacacións do ano 2004.
 - Da convocatoria de probas selectivas correspondente a categoría de T.E. Análise Instrumental.
3. Informe dos representantes do Comité Intercentros nas distintas Comisións.
 - **Comisión de Acción Social.**
Federico Fernández, da conta do tratado na reunión celebrada o 30 de abril de 2004 na que se falou, entre outros asuntos, das incidencias da Convocatoria de Acción Social de 2003 e as solicitudes existentes de anticipos reintegrables.
Os documentos e o informe do acontecido nesta reunión incorpórase á documentación a gardar da presente reunión.



Ao fío do que se está a falar, Antón García, expón unha cuestión relativa os/as traballadores/as que ocupando cargo de concelleiro/a cobran unha determinada cantidade de diñeiro por asistir aos plenos, diñeiro que moitas veces vai destinado as arcas dos partidos, non obstante, na declaración da renda ao ser un pago nominal aparece nos ingresos anuais. A súa pregunta é se a Comisión de Acción Social terá estas circunstancias en conta. Tras debater o asunto, conclúese que bastaría con presentar un certificado da organización a que van destinados os cartos.

- **Comité de Seguridade e Saúde laboral.**

Marisa Magaz e Jose Andrés Zapirain, membros deste comité comentan o acontecido na reunión celebrada o 21 de abril. Un dos temas tratados foi o cese e toma de posesión dos novos membros. O novo Comité constará de 22 membros, once designados pola empresa e 11 pola parte social. Acordouse elaborar un novo regulamento de funcionamento do comité para o que se constituíu unha comisión na que estarán representados tódolos sindicatos. Na reunión tratouse tamén a carencia de servizo de atención médica no Campus de Marcosende.

Os documentos e o informe do acontecido nesta reunión incorpórase á documentación a gardar da presente reunión.

- **Comisión de Emprego e Contratación.**

Rodrigo Alberte, J. Andrés Zapirain e Manuel Velasco, asistentes a reunión celebrada o día 5 de maio. A reunión que foi convocada para as 13:30 durou escasamente media hora, ao chegar tarde o xerente e logo ter que marchar as 14:30. Os asuntos que se trataron foron: petición de cobertura 1 praza T.E. transporte e distribución durante 3 meses, cobertura 1 praza auxiliar administrativo para o V. de Investigación durante 4 meses, cobertura 1 TEB de apoio ao Campus de Pontevedra con asignación de apertura nocturna. O primeiro que se lle manifestou a xerencia foi o malestar da parte social por non ter convocada antes a Comisión. Os representantes do CI e da Xunta de Persoal fixemos fincapé na necesidade facer contratos de interinidade ás prazas estruturais. Tamén nos pareceu que a praza de conductor debera de ampliarse a 6 meses. O falar desta última praza se lle recordou ao xerente a petición feita por escrito polo CI sobre as horas extras compensadas con descanso.

- **Comisión de Selección 1 praza Plan Labora.**

Informa Juanjo Fernández, ao cesar unha das persoas contratadas en decembro para o plan labora houbo que facer unha nova selección o non existir lista de agarda. A praza e de apoio para desenvolver a web da universidade. O proceso de selección realizouse sen nada que salientar.

- **Comisión de formación.**

Antón García e Aser Fernández informan que veñen de presentar un escrito por rexistro no que solicitan que se reúna a Comisión de Formación e o datos do gastado neste ano e no 2003 neste cometido. Antón García, así mesmo, informa da visita a unha empresa co fin de intentar facer un cursiño de soldadura eléctrica. Aser Fernández, da conta de que está a traballar na elaboración dunha enquisa para coñecer as necesidades



formativas do persoal laboral e a súa opinión sobre a formación que se imparte na Universidade, tamén informa da existencia dun plano de formación na BUV tal e como manifestou o director deste servizo nunha xunta técnica.

4. Toma de decisións sobre as convocatorias pendentes de oposición.

Para entregar as suxestión e correccións que consideremos ás convocatorias de oposición enviadas por RR HH ao CI, acordamos convocar unha reunión o mércores 19 de maio. Deixando para outro momento os nomeamentos dos representantes do CI nos distintos tribunais, pasamos a discutir sobre se as dúas prazas de prevención van a saír por promoción interna.

Manuel Velasco Manifesta que considera inxusto que o persoal contratado non poida opoñer directamente á praza que ocupa sen ter que esperar a si se cubre, ou non, por promoción interna. Propón que, dado que no Convenio recolle, no artigo 20.6 que prevé a reserva para cubrir por promoción interna como mínimo do 50% das prazas convocadas no conxunto da oferta pública de emprego de cada ano, que unha das prazas saia a promoción interna e a outra a promoción libre. O delegado da UGT apoia tamén esta opción.

Por contra, outros membros do CI defende que as dúas prazas teñen que saír a promoción interna. Para resolver a cuestión propónse unha votación na que se vai a decidir non só este caso senón todos aqueles nos que se oferte unha única praza. A votación faise a man alzada dando o seguinte resultado: 8 votos a favor, 2 votos en contra e 1 abstención. Polo tanto acórdase non modificar a proposta da xerencia que prevé que as dúas prazas de prevención (área de ergonomía e área de seguridade) saían a promoción interna.

5. Intercambio de vacacións.

Carlos Mollinedo, que acudiu a reunión celebrada polas universidades participantes no intercambio de vacacións na cidade de Alacante, informa do que alí aconteceu e do sorteo de prazas realizado na Universidade de Vigo. Con respecto ao primeiro asunto recomenda revisar as dietas concedidas aos coordinadores da Universidade de Vigo ao considerar que non abundan para cubrir os gastos. En canto o sorteo de prazas, informa que á Universidade de Vigo se lle concederon 344 prazas que están cubertas na súa totalidade quedando, neste momento, peticións sen praza, razón esta pola que se fixo unha segunda ampliación. Para mellor facer todo este proceso non anos vindeiros se está a propoñer elaborar un regulamento.

6. Prazas por enriba da RPT.

Repasamos as prazas que nos consideramos que cumpren esta condición e unha vez definida esta acordamos que, na próxima reunión negociadora, lle pediremos ao xerente a súa relación.

7. Lista de agarda de TESX.



Previamente o secretario enviara por correo electrónico unha proposta de baremo e propuña un cambio na convocatoria enviada por RR HH para permitir que a esta praza se poidan presentar traballadores/as que non estean en posesión do título de bacharelato superior ou FP2. En canto o baremo, tras facerlle in situ algunhas modificacións para diferenciar entre cursos con aproveitamento e cursos sen aproveitamento, acordouse unha proposta que é a que vai a defender o representante do CI na Comisión de Selección que, tamén por acordo unánime, vai a ser Juanjo Fernández. Con respecto á petición de titulación específica na convocatoria, o CI manifestase a favor de retirar este requisito.

8. Normativa de vacacións.

Aínda que algúns dos presentes na reunión coñecen que hai traballadores/as que suxiren cambiar o horario proposto para a quenda de tarde nos meses de xullo e agosto, ao non chegar nada por escrito ao CI, consideramos válida a proposta feita pola xerencia.

9. Negociación coa xerencia.

Acórdase solicitar unha reunión da Comisión negociadora.

10. Rogos e preguntas.

Federico Fernández, pregunta se durante o tempo que estea vixente o horario de vacacións o persoal que ten concedido o permiso de lactación segue descontando unha hora da xornada ordinaria. A resposta unánime é que si.

Aser Fernández, pregunta que información sobre a asistencia a reunións do CI ou sindicais hai que dar ao servizo no que se traballa.

Por último, aínda que non é nin rogo nin pregunta, mais coa intención de que conste en acta, Manuel Velasco, da conta dun escrito que enviou a Secretaría Xeral no que solicita intervir no Consello de Goberno no momento que o Vicerreitor de Relacións Institucionais dea conta da súa xestión ao fronte da OFOE.



Acordos:

- Convocar unha reunión de membros do CI o 19 de maio para definiras suxestión e correccións que consideremos ás convocatorias de oposición enviadas por RR HH.
- Non modificar, no que se refire a promoción interna, as proposta de convocatoria selectivas feitas pola xerencia correspondentes as prazas de T.S. de Prevención de Riscos Laborais, área ergonomía e área seguridade.
- Solicitar á xerencia unha reunión da Mesa Negociadora.
- Nomear a Juanjo Fernández como representante do CI na Comisión que vai a elaborar unha lista de agarda de TESX. En dita comisión defenderá o baremo aprobado polo Pleno.

Fdo: Manuel Velasco Graña
(Secretario)

VºBº: Rodrigo Alberte Pivida
(vicepresidente)